



Rúa da vila, 1  
15230, Outes, A Coruña  
Teléfono: 981 850 003  
concello@out.es.gal  
www.out.es.gal

*en Outes!*\*

## XIV CARREIRA PEDESTRE DE OUTES REGULAMENTO

A Concellería de Deportes do Concello de Outes organiza a XIV Carreira Pedestre de Outes, que terá lugar o mércores 17 de maio de 2023 a partir das 10:00, con saída e chegada na Praza de Galicia, na localidade de A Serra de Outes.

### CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORAS DE SAIDA

CATEGORIAS	ANO NACEMENTO	DISTANCIA	HORA DE SAÍDA
<b>10K</b>			
VETERANOS C	de 1963 e anteriores	10.000 metros	10:00 horas
VETERANOS B	de 1973 ata 1962	10.000 metros	10:00 horas
VETERANOS A	de 1983 ata 1972	10.000 metros	10:00 horas
SENIOR	de 1984 ata 2000	10.000 metros	10:00 horas
PROMESA	2001-2005	10.000 metros	10:00 horas
<b>3K</b>			
ABSOLUTA	2005 E ANTERIORES	3.000 metros	11:30 horas
XUVENIL	2006-2007	3.000 metros	11:30 horas
CADETE	2008-2009	3.000 metros	11:30 horas
<b>1K</b>			
INFANTIL	2010-2011	1.000 metros	12:00 horas
ALEVÍN	2012-2013	1.000 metros	12:00 horas
<b>MENORES (CAMPO MUNICIPAL DE O CONCHIDO)</b>			
BENXAMÍN	2014-2015	450 metros	12:20 horas
PREBENXAMÍN	2016-2017	225 metros	12:25 horas
PITUFOS	2018-2019	100 metros	12:30 horas
CHUPETES	2020 e posteriores	50 metros	12:35 horas

**INSCRICIÓNS**



Concello de Outes

Rúa da vila, 1  
15230, Outes, A Coruña  
Teléfono: 981 850 003  
concello@outes.gal  
www.outes.gal

*en Outes!*\*

Ata as **23:59 h do domingo 14 de maio** a través da web de championchip ([www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)).

Para as categorías participantes na carreira de 10km e Carreira Absoluta de 3Km a inscrición terá un custo de **4 euros** para os non propietarios de chip (2 euros alugueiro + 2 euros de inscrición + 5 euros de fianza que serán devoltos na mesma tarxeta ca que se realizou o pago unha vez procesados e comprobados os chips. ), e de **2 euros** para os propietarios de chip amarelo. As persoas da carreira absoluta (10 Km e 3km) que marquen o desconto que non lles corresponde, serán eliminados da inscrición.

Para o resto de categorías a inscrición é gratuíta e débese marcar o desconto correspondente na inscrición.

Os nenos das categorías de chupetes, pitufos, prebenxamín e bexamín tamén deberán inscribirse a través de championchip (si quedan fóra do prazo de inscrición poderán participar igual na carreira inscribíndose o mesmo día no lugar de recollida de dorsais que terá lugar no Pavillón Polideportivo de A Serra de Outes). Nestas categorías todos os participantes **inscritos** pola web recibirán premio por chegar a meta.

Ante calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición na web de championchip, podédesvos dirixir ao teléfono 982816884 ou ao enderezo electrónico [consulta@championchipnorte.com](mailto:consulta@championchipnorte.com).

### **DATOS OBRIGATORIOS PARA AS INSCRICIÓN**

NIF con letra, Nome e Apelidos, Data de Nacemento completa, Sexo, Localidade, Provincia, Teléfono de contacto (se o ten), enderezo electrónico de contacto (se o ten), Nome do Club (se o ten) e Licencia federativa (se ten). Deberá indicar tamén se está **empadroad** no Concello de Outes para puntuar nos premios locais (non vale estar vivindo en Outes, hai que estar empadroad).

As inscricións sen datos obrigatorios ou fóra do prazo fixado, tanto para a proba de 10 Km como as carreiras curtas de 3Km e 1Km, non serán admitidas.

### **RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS, SAÍDA E META**

No pavillón polideportivo de A Serra de Outes, dentro do campo de fútbol, poderanse retirar os dorsais e os chips ata 30 minutos antes do comezo da carreira na que o corredor vaia participar. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais



Concello de Outes

Rúa da vila, 1  
15230, Outes, A Coruña  
Teléfono: 981 850 003  
concello@outes.gal  
www.outes.gal

en Outes!

nin chips fóra dese prazo. Na Praza de Galicia situarase a saída e a meta de tódalas carreiras, agás a de chupetes, pituf@s, prebenxamíns e benxamíns (50, 100, 225 e 450 metros) que terá lugar dentro do recinto do campo de fútbol.

## PREMIOS

⑩ Medallas (medallóns de chocolate) para todos os participantes nas categorías chupetes, pituf@s, prebenxamins e benxamíns. Estas categorías non recibirán premios por categoría

⑩ Trofeos para os 3 primeir@s clasificados en tódalas categorías agás chupetes, pitufos, prebenxamins e benxamíns (nestas categorías todos levarán medalla).

⑩ Trofeos para os 3 primeir@s da categoría xeral de 10 Km e para a carreira absoluta de 3Km.

· Trofeo para o primeir@ de Outes da categoría xeral de 10 Km e na carreira absoluta de 3Km. (Os corredores de Outes deben indicalo á hora de inscribirse para poder optar ós premios locais, é preciso estar empadroados).

⑩ Trofeo para o primeir@ de Outes nas categorías: alevín, infantil, cadete e xuvenil.

⑩ Trofeo para os tres primeiros clubs na carreira absoluta 10K (puntuando os 4 mellores tempos, tendo que ser polo menos un destes na categoría feminina).

⑩ Trofeo para o club con máis participantes.

Non haberá premios económicos. Os trofeos non serán acumulativos.

## CONTROL DA CARREIRA

As condutas que se considerarán antirreglamentarias do/a atleta polas que poden ser descalificados son as seguintes:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado.
- Participar cun dorsal que corresponda a outro corredor.
- Non realizar o percorrido da carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da organización.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización.
- Realizar a inscrición alterando os datos de maneira maliciosa.
- Nas carreiras de 1 Km, 3 Km e 10 Km utilizarase un **chip** como xeito de cronometraxe electrónica, da empresa Championchip. Este entregaráselle ao corredor, xunto co dorsal



Concello de Outes

Rúa da vila, 1  
15230, Outes, A Coruña  
Teléfono: 981 850 003  
concello@outes.gal  
www.outes.gal

en Outes!

antes do comezo da proba. O chip hai que colocalo na zapatilla, enganxándoo co cordón. Se o chip vai colocado noutro sitio córrese o risco de que non funcione correctamente. Ao rematar a carreira hai que quitalo e entregarllo aos encargados de recoller os chips (na mesa de entrega de dorsais ou a chegada na liña de meta onde se colocarán unhas caixas para a súa recollida).

- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descualificación.

### CLÁUSULAS ADICIONAIS

- O Concello de Outes, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
- Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
- Está prohibido cortar ou dobrar os dorsais.
- É obrigatorio devolver o chip.
- Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba.
- Na carreira de 10km o percorrido estará sinalizado e contará cun avituallamento na metade do percorrido.
- **O control de chegada na carreira de 10 Km pecharase 40 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.**
- A entrega de trofeos está prevista para as **12:50 h** dentro do pavillón polideportivo de Outes.
- Os corredores poderán utilizar os **vestiarios** do pavillón e os **vestiarios** do campo de fútbol **para asearse e ducharse** despois da carreira.
- O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
- Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
- Todo o non recollido neste regulamento resolverase segundo estime a organización.



Concello de Outes

Rúa da vila, 1  
15230, Outes, A Coruña  
Teléfono: 981 850 003  
concello@outes.gal  
www.outes.gal

*en Outes!*\*

- Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencien a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.
- Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta.